

O depósito no recurso de suplicación

The deposit in appeals for reversal



LARA M. MUNÍN SÁNCHEZ

Xuíza substituta

Resumo

Neste artigo preténdese dar unha visión xeral sobre o depósito, que é un dos requisitos indispensables para tramitar o recurso de suplicación, sobre todo agora que os graduados sociais poden interporlo.

Palabras chave: graduado social, depósito, recurso de suplicación.

Abstract

This article aims to provide an overview of the deposit, which is one of the prerequisites for appeals for reversal; especially now that this can be lodged by graduates in Industrial Relations.

Keywords: social graduate, deposit, appeals for reversal.

1. Aproximación xeral ao tema

§1. A reforma operada pola Lei 13/2009, de 3 de novembro, que entrou en vigor o 4 de maio de 2010, comportou un fito para os graduados sociais, ao lle dar satisfacción ao que era unha reivindicación histórica deste colectivo: a sinatura dos recursos de suplicación. Até este momento, producíase o frecuente paradoxo de que o graduado defendía ante o xulgado do social o asunto, mais tiña que buscar un avogado que o asinase, a pesar de previamente o redactar el mesmo. A situación variou e pode lembrarse que o artigo 193.1 da Lei de procedemento laboral (LPL) indica –agora– que «se a resolución fose recorrible en suplicación e a parte anunciase o recurso en tempo e forma e cumprise as demais prevencións establecidas nesta lei, o secretario xudicial terá por anunciado o recurso e acordará pór os autos á disposición do letrado ou graduado social colexiado designado (...); isto determina que a tramitación e os requisitos deste recurso interesen de xeito directo a aquel. Entre estes requisitos sitúase o depósito que cómpre efectuar para a propia tramitación do recurso e cuxa obriga vén recollida no artigo 227, situado no capítulo V (rubricado «Das disposicións comúns aos recursos de suplicación e casación») do libro III da lei procesual, que di o seguinte:

«1. Todo o que sen ter a condición de traballador ou habente-causa seu ou beneficiario do réxime público da Seguridade Social intente interpor recurso de suplicación ou casación, consignará como depósito:

a) Cento cincuenta euros, se se trata de recurso de suplicación (...).

2. Os depósitos constituiranse na conta de depósitos e consignacións correspondente ao órgano que ditase a resolución recorrida. O secretario xudicial verificará na conta a realización do ingreso, e debe quedar constancia da devandita actuación no procedemento. Se non se constituísen estes depósitos na forma indicada, estarase ao establecido nesta lei.

3. Os depósitos cuxa perda se acordase por sentenza ingresaranse no Tesouro Público.

4. O Estado, as comunidades autónomas, as entidades locais, os organismos autónomos dependentes de todos eles e quen tivese recoñecido o beneficio de xustiza gratuíta quedarán exentos de constituír o depósito referido e as consignacións que para recorrer veñen esixidas nesta lei.»

Neste artigo científico preténdese analizar ese depósito e as posibles irregularidades que se poidan cometer no seu cumprimento, así como destacar as consecuencias que iso pode carrexar¹.

2. A obriga de constituír o depósito

§2. O primeiro problema a que nos enfrontamos ao analizarmos determinados requisitos formais para acceder ao recurso de suplicación é a súa constitucionalidade². Esta condición non é dubidosa de terse en conta que o dereito ao recurso é de configuración legal, sen que exista –agás en materia penal– norma ou principio constitucional ningún que obrigue á existencia duns recursos determinados, polo que será o lexislador a quen corresponda fixar o sistema de recursos nos termos e cos requisitos de acceso a estes que considerar oportunos³. Pois ben, a esixencia dos requisitos formais ao interpor calquera recurso (tanto a consignación como o depósito) foi declarada expresamente constitucional polo Tribunal Constitucional⁴, o cal razoou que, primeiro, se xustifica polas finalidades perseguidas, tendentes –no caso do depósito– a evitar recursos dilatorios; segundo, que é razoable a diferenza de tratamento que para o efecto existe entre o empresario e o traballador, dada a desigualdade material existente entre ambos⁵; e, terceiro, que se impón unha interpretación flexible do requisito preventivo –son manifestacións aplicables á consignación– en supostos de falta de medios ou de liquidez a través doutras garantías, o que determinara que xa a Lei de procedemento laboral de 1990 incluíse o aval bancario como garantía abonda para recorrer. Afirmábase tamén que «a carga do depósito non está desprovista –no caso do artigo 181 da LPL⁶

¹ Sen esquecer que a contía e os requisitos poden ser alterados polo Goberno, conforme á disposición adicional segunda da Lei de procedemento laboral.

² Véxase ÁVILA ROMERO, M. (1985) «Los depósitos para interponer los recursos de casación y suplicación en el orden jurisdiccional laboral. Su constitucionalidad» en *II Jornadas de Derecho Judicial: Incidencia de la Constitución en las normas aplicadas por los Tribunales de Justicia*. Madrid, Ministerio de Xustiza, 631-642.

³ Véxanse as sentenzas do Tribunal Constitucional 140/1985, de 21 de outubro; 37/1988, de 3 de marzo; e 106/1988, de 8 de xuño. Cfr. MARTÍNEZ GIRÓN, J., ARUFE VARELA, A. e CARRIL VÁZQUEZ, X. M. (2006) *Derecho del trabajo*. A Coruña, Netbiblo, 586.

⁴ Véxanse as sentenzas do Tribunal Constitucional 3/1983, de 25 de xaneiro; e 53/1983, de 20 de xuño.

⁵ «(...) desigualdade orixinaria entre traballadores e empresarios que ten o seu fundamento non só na distinta condición económica de ambos, senón na súa respectiva posición na propia e especial relación xurídica que os vincula» (FX 3.º da STC 65/1983, de 21 de xullo).

⁶ Refírese á Lei de procedemento laboral de 1980, cuxo artigo 181 é equivalente ao 227 actual.

ou, nos seus equivalentes, noutros textos procesuais— de fundamento e, a este respecto, aduciuse que é medida tendente a asegurar a seriedade dos recursos de corte extraordinario ou reprimir a contumacia do litigante vencido, impondo, con este desingnio, unha moderada carga que non afecta ao contido esencial do dereito. Non pode dicirse, por isto, que a ordenación dos recursos de casación ou de suplicación laboral, suxeitándoa a unha carga económica ben moderada e completada por un sistema de exención que comprende os traballadores en todo caso e os empresarios cando gozaren do beneficio legal de pobreza, prive do dereito á tutela xurisdiccional ou afecte á esencia deste dereito, pois ademais de imporse para acudir a recursos extraordinarios, non impide estes recursos nin os condiciona a esixencias exorbitantes⁷».

Por tanto, a razón de ser do depósito para recorrer é a de asegurar a seriedade do recurso ou, no seu caso, a de reprimir a contumacia do litigante vencido⁸, criterio que tamén compartiu a xurisprudencia ordinaria en diversas ocasións⁹. É máis, o ingreso do depósito é imprescindible levalo a cabo en calquera asunto en que se pretenda recorrer en suplicación, coas únicas salvidades establecidas na epígrafe 4 do artigo 227; e, por iso, mesmo en execución de sentenza ha de facerse, aínda que non haxa obriga de consígnalo¹⁰.

§3. O ámbito subxectivo do depósito, correspóndese —en realidade— só cos empresarios e o persoal estatutario que non teña recoñecido o beneficio de xustiza gratuíta. Están exentos os traballadores e os seus habentes-causa¹¹; os beneficiarios do réxime público da Seguridade Social¹²; o «Estado, as comunidades autónomas, as entidades locais, os organismos autónomos dependentes de todos eles¹³»; «quen teña recoñecido

⁷ Véxase o FX 4.º da STC 53/1983, de 20 de xuño.

⁸ Véxase ALBIOL MONTESINOS, I.; ALFONSO MELLADO, C. L.; BLASCO PELLICER, Á. e GOERLICH PESET, J. M. (2002) *Derecho procesal laboral*. Valencia, Tirant Lo Blanch, 434.

⁹ Véxanse o Auto do Tribunal Supremo de 26 de outubro de 2000, recuso de súplica 2646/2000; e a STS de 30 de xaneiro de 2002, recurso de casación para a unificación da doutrina 3294/00.

¹⁰ Véxase o Auto do Tribunal Supremo de 26 de outubro de 2000, recurso de súplica 2646/2000.

¹¹ Cfr. artigo 2.d) da Lei 1/1996, de 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, en relación co seu artigo 6.5.

¹² *Ibidem*.

¹³ Aínda que tales entes non gozan do beneficio de xustiza gratuíta *per se*, e proba diso é que poden ser condenados en custos.

o beneficio de xustiza gratuíta¹⁴»; o Ministerio Fiscal¹⁵; os sindicatos¹⁶; e as «entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social¹⁷». E esa diferenza de tratamento entre uns e outros non é inconstitucional, porque «(...) a disparidade normativa establecida (...) non é contraria á Constitución, por canto se asenta sobre unha desigualdade orixinaria entre traballadores e empresarios que ten o seu fundamento non só na distinta condición económica de ambos, senón na súa respectiva posición na propia e especial relación xurídica que os vincula (...). A carga de depósito que establece o devandito precepto non está desprovista de fundamento nin é en absoluto exorbitante, mais ben moderada na súa conta, e se se exime dela ao traballador e os seus habentes-causa –e tamén aos legalmente declarados pobres–, isto explícase en función de razóns obxectivas, porque responde –con carácter xeral, como é propio da lei– a desigualdades que a devandita exención trata, cando menos parcialmente, de moderar¹⁸»; sen que poida considerarse que iso vulnere nin o artigo 14 da Constitución española, que prohibe a discriminación, nin o 24.1, que consagra o dereito á tutela xudicial efectiva.

§4. Canto ao aspecto material do depósito, este debe facerse sempre en metálico, sen que se permitan medios alternativos de constituílo, a diferenza do que acontece coa consignación do importe da condena¹⁹. Cómpre facelo «na entidade de crédito correspondente», que será determinada conforme ás regras xerais relativas á materia²⁰ e se indicará na resolución que se pretenda recorrer²¹. Ademais, e no tocante ao momento en que se tería que efectuar o depósito, antes existía unha contradición entre o disposto nos artigos 227.2 e 193.3 da Lei de procedemento laboral, dado que segundo este o resguardo do ingreso cumpriría entregalo ao tempo de anunciar o recurso, mentres que conforme aquel o depósito non era unha obriga do anuncio do recurso, senón da súa efectiva interposición, ao esixir que se probase o depósito –mediante «entrega do

¹⁴ Que se concedería conforme á Lei 1/1996, de 10 de xaneiro.

¹⁵ Cfr. artigo 394.4 da Lei de axuízamento civil.

¹⁶ Cando actúa en defensa dos intereses xerais dos traballadores.

¹⁷ Cfr. artigo 2.b) da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.

¹⁸ Véxase a STC 37/1995, de 7 de febreiro (FX 5.º).

¹⁹ Cfr. artigo 228 da Lei de procedemento laboral.

²⁰ Cfr. Real decreto 467/2006, de 21 de abril, que regula os depósitos e consignacións xudiciais en metálico, de efectos ou valores.

²¹ Cfr. artigo 100 da Lei de procedemento laboral, que non é senón a especificación do artigo 248 da Lei orgánica do Poder Xudicial, o teor literal do cal di: «**No texto da sentenza indicárase se esta é ou non firme e, de ser o caso, os recursos que procedan, órgano ante o cal deben interporse e prazo e requisitos para iso, así como os depósitos e as consignacións que sexan necesarios e forma de efectivos**» (a letra grosa é nosa).

resguardo acreditativo na secretaría do xulgado»– no momento de interpor o recurso de suplicación. Esta contradición, en que a doutrina se inclinaba pola solución ofrecida polo artigo 227.2²², tras a reforma operada pola citada Lei 13/2009 perdeu actualidade, posto que a verificación por parte do secretario do efectivo ingreso do depósito ten lugar no trámite anterior á interposición (como un control formal dos requisitos do potencial recurso) e a falta da súa acreditación –e da súa reparación, unha vez concedido o prazo– comportará que se teña por non anunciado o recurso de suplicación e se impida a interposición²³.

3. As posibles irregularidades e o seu destino

§5. No caso de que o depósito de cento cincuenta euros previsto no recurso de suplicación non se constituíse, o último inciso do artigo 227 da LPL remite «ao establecido nesta lei», mención que conduce ao artigo 193.3, a que se acaba de facer referencia. Neste sentido, e como lembrou a doutrina²⁴, unha numerosa serie de sentenzas constitucionais viñeron advertindo de que as posibles irregularidades formais cometidas na constitución do depósito (entre outras, facelo a prol dun órgano xudicial distinto ao correspondente ou non achegar dentro do prazo o resguardo acreditativo) deberían valorarse antes de lles atribuír un efecto tan drástico como o de ter por desistido o recurso. Nelas, concluíase que o decisivo era determinar se existira ou non vontade de recorrer e, fundamentalmente, se se constituía o depósito dentro do prazo; as irregularidades formais non poderán ser contrarias ao acceso á tutela xurisdiccional, e sempre que for posible tería que permitirse a súa reparación²⁵. Todo isto implicaba

²² Véxase ESPINOSA CASARES, I. (1998) *Técnica del recurso de suplicación*. Pamplona, Aranzadi, 233 234.

²³ Cfr. artigo 193 «1. **Se a resolución fose recorrible en suplicación e a parte anunciase o recurso en tempo e forma e cumprise as demais prevencións establecidas nesta lei, o secretario xudicial terá por anunciado o recurso** e acordará pór os autos á disposición do letrado ou graduado social colexiado designado para que no prazo dunha audiencia se faga cargo del e interpoña o recurso (...)» e «3. Se o recorrente incorrese en defectos ou omisións consistentes na insuficiencia de consignar a condena ou de asegurala, **ou de presentar o resguardo do depósito a que se refire o artigo 227 desta lei, (...)** o secretario xudicial concederá á parte o tempo que considerar pertinente para a achega dos documentos omitidos ou para a reparación dos defectos apreciados, que en ningún caso será superior a cinco días. De non se efectuar, ditarase auto que poña fin ao trámite do recurso, e quedará firme a sentenza impugnada (...)» (a letra grossa é nosa).

²⁴ Véxase MONTROYA MELGAR, A.; GALIANA MORENO, J. M.; SEMPERE NAVARRO, A. V. e RÍOS SALMERÓN, B. (1998) *Curso de procedimiento laboral*. Madrid, Tecnos, 342-343.

²⁵ Para todas, véxanse as sentenzas do Tribunal Constitucional 19/1983, de 14 de marzo; 40/1983, de 18 de maio; 53/1983, de 20 de xuño; e 95/1983, de 14 de novembro.

unha necesaria ponderación das circunstancias que rodearan a irregularidade detectada na constitución do depósito e a súa posible emenda. Non obstante, outra é a solución para o caso de que existise unha falta total de cumprimento da obriga de constituílo: «se se trata dun incumprimento absoluto debido a unha oposta vontade á súa realización da parte procesual, levará á consecuencia da perda do dereito a que se anoaba a observancia²⁶». Esta doutrina aparece reflectida no artigo 193.3, que dispón que a falta de constitución do depósito indicado é un defecto reparable²⁷, o que impide a inadmisión do recurso directamente, sen se conceder o trámite de emenda correspondente²⁸. Agora ben, concedido ese trámite e deixado transcorrer sen emenda, ditarase un auto que poña fin ao recurso e declararase firme a sentenza recorrida²⁹.

§6. Un último punto para analizar é o relativo ao destino do depósito constituído, que dependerá do resultado final, isto é, do éxito ou non do recurso interposto, e en que poden distinguirse tres posibilidades: primeira, de se acordar a inadmisión do recurso, o depósito debe devolverse, tanto se esta se produce por motivos de forma (artigo 197³⁰) como se o é por razóns de fondo (artigo 198.4³¹). Segunda, se a sentenza que a sala ditar ao resolver o recurso o estima en todo (artigo 201.1³²) ou en parte (artigo

²⁶ Véxase a STC 95/1983, de 14 de novembro.

²⁷ Véxase a STS de 30 de xaneiro de 2002, recurso de casación para a unificación da doutrina 3294/00.

²⁸ Cfr. co artigo 193, xa citado.

²⁹ Sobre o particular, véxase CARRATALÁ TERUEL, J. L. (1993) «La subsanación de los defectos de consignación y depósito en los recursos de suplicación y casación» *Tribuna Social* XXXI, 115-116.

³⁰ «Se, recibidos os autos, o secretario xudicial apreciase defectos ou omisións emendables no recurso, concederá á parte o prazo que considerar suficiente e en ningún caso superior a oito días para que se acheguen os documentos omitidos ou se emenden os defectos apreciados. De non se efectuar, **a sala ditará un auto en que se declare a inadmisión do recurso e a firmeza da resolución recorrida, con devolución do depósito constituído** e remisión das actuacións ao xulgado de procedencia. Contra o devandito auto só cabe recurso de reposición» (artigo 197, a letra grosa é nosa).

³¹ «4. A inadmisión do recurso determinará a imposición dos custos ao recorrente nos termos establecidos nesta lei, **así como a devolución do depósito da cantidade fixa e necesaria para recorrer**, o que se levará a cabo cando o auto for firme» (artigo 198, a letra grosa é nosa).

³² «1. Cando a sala revogue totalmente a sentenza de instancia e o recorrente consignase en metálico a cantidade de importe da condena ou asegurase esta conforme ao previsto nesta lei, **así como constituído o depósito necesario para recorrer, o fallo disporá a devolución de todas as consignacións e do depósito** e a cancelación dos aseguramentos prestados, unha vez firme a sentenza» (artigo 201, a letra grosa é nosa).

201.3³³), tamén haberá que devolver integramente o depósito constituído. E, terceira, se o recurso é desestimado totalmente, o depósito pérdese e ingrésase no Tesouro Público (artigo 227.3³⁴).

³³ «3. En todos os supostos de estimación parcial do recurso de suplicación, o fallo disporá a devolución da totalidade do depósito» (artigo 201).

³⁴ Cfr. co artigo 227.3, xa citado.